

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁ

Á hora de avaliar ós alumnos , en 2º, 3º e 4º aplicaránse os seguintes criterios de cualificación:

-Coñecementos(probas escritas teórico-prácticas):60%

-Traballo diario(producción do alumnado): 30%. Neste apartado, a realización de tarefas conta un 20%, e o apartado relativo á lectura dunha obra un 10%.

Sinalar ademais que se o alumno non fai as tarefas (na casa ou no colexio) se lle baixará 0,2 puntos cada vez que suceda isto, e 0,1 punto cando as faga a medias.

-Actitude: interese, escoita activa e comportamento: 10%

Cada vez que o comportamento do alumno non sexa o axeitado se lle descontarán 0,2 puntos, ao igual que se non participa no desenvolvemento da clase. Polo contrario, os alumnos que mostren unha boa actitude obterán neste apartado un punto.

Os criterios de cualificación en 1º son:

-Coñecementos (probas escritas teórico-prácticas):Realizaranse 2 probas escritas por trimestre e suporán o 50% da nota da avaliación.

-Probas de atención e estudo: realizarase unha proba por unidade como mínimo. Suporá o 20% da nota da avaliación. Serán probas que se realizarán ao comenzo da clase nas que o alumnado debe demostrar os coñecementos adquiridos nas clases anteriores. O fin é que o alumnado vaia adquirindo o hábito de estudo diario. A duración da proba será entre 10 e 15 minutos.

-Probas de comprensión e expresión escrita: Traballarase co libro de lectura elexido trimestralmente. Realizarase unha proba semanalmente. Contarán un 20% da nota de avaliación.

-Realización de tarefas: Neste apartado, que conta o 10%, se lle descontará ao alumno 0,2 puntos cada vez que non faga as tarefas, e 0,1 cando as faga a medias.

Sinalar que ao alumnado nos distintos controis ou exames se lles baixará nota por faltas de ortografía, como máximo 1,5 puntos en 1º e 2º e 2 puntos en 3º e 4º..A nota que se lles baixará por cada falta de ortografía é:

-1º e 2º: 0'1 puntos por fallos nas tils e 0'2 por fallos de expresión, signos de puntuación ou calquer outro tipo de falta ortográfica.

-3º e 4º : 0,15 por fallos nas tils e 0'25 por fallos de expresión, signos de puntuación ou calque ra outro tipo de falta ortográfica.

A avaliación aprobarase cun 5 de media. Cualificarase de 1 a 10 sen decimais. Ata 0,75 poñerese na acta de avaliación a nota mais baixa , e de 0,75 en adiante, a nota superior. O redondeo en ningún caso servirá para aprobar con nota inferior a 5.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA EN 1º

1. Recoñecemento do contido de textos orais e escritos de uso habitual para o alumno diferenciando a idea principal das secundarias, e a identificación da intención do autor.
2. Planificación e produción oral e escrita de textos sinxelos narrativos, descritivos e dialogados, aténdose á coherencia na expresión das ideas e con respecto ás normas da lingua, especialmente á ortografía da palabra e acentuación, e á ortografía da frase (puntuación).
3. Realización de resumos, suliñados e esquemas da organización das ideas de textos axeitados ao seu nivel.
4. Lectura en voz alta coa entoación e velocidade axeitadas de textos literarios e non literarios, narrativos, descritivos e dialogados.
5. Identificación das diversas clases de palabras.
6. Recoñecemento dos tipos de sintagmas e dos constituíntes da oración simple e as súas funcións sintácticas básicas (suxeito e predicado e os seus núcleos).
7. Recoñecemento das relacións de significado entre as palabras.
8. Identificación dos xéneros literarios en textos axeitados ao seu nivel, detectando algúns dos recursos básicos: comparacións, metáforas, personificacións,...
9. Realización das tarefas que se leven a cabo en clase e as encomendadas para casa, individuais ou en grupo.
10. Realización das lecturas de obras programadas para o curso e presentación dos traballos que se soliciten.
11. Cumplimentación axeitada do caderno de traballo, que deberá estar ao día e a disposición da profesora.

CONTIDOS MÍNIMOS 2º DE ESO

1. Participación en actividades de grupo, observando e respetando as normas básicas de relación.
2. Coñecemento e usar estratexias de produción lectora.
3. Distinción entre linguaxe, lingua, fala e dialecto.
4. Diferenciación entre bilingüismo e diglosia, identificando as linguas que se falan en España e a súa orixe.
5. Identificación do sintagma nominal, coñecendo a súa estrutura e as palabras que poden realizar a función de núcleo.
6. Diferenciación nun relato de narrador interno e externo, persoaxes principais e secundarios, persoaxe protagonista e antagonista e planteamento, nudo e desenlace.
7. Recoñecemento das diferentes categorías gramaticais.
8. Recoñecemento dos sintagmas preposicionais, adxetivais e adverbiais e a súa estrutura.
9. Identificación da función do sintagma verbal e o papel do verbo dentro del.
10. Distinción entre frase e oracións e os dous constituíntes desta última. A súa vez, distinción entre predicado nominal e verbal.
11. Aplicación das regras das grafías b/v (utilizando correctamente os seus homófonos), e g/j.
12. Identificación da sílaba tónica das palabras e aplicación correcta das regras de acentuación.
13. Uso correcto dos signos de puntuación.
14. Análise da métrica dun poema
15. Lectura, comprensión e valoración de obras literarias como fonte de pracer.

16. Fala en público en situacións formais e informais.

MÍNIMOS (3º):

- 1) Recoñecemento e corrección de erros ortográficos e gramaticais .
- 2) Lectura e comprensión dunha selección de textos literarios, en versión orixinal.
- 3) Comprensión do sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión
- 4) Fala en público, en situacións formais e informais, de forma individual ou en grupo.
- 5) Escritura de textos usando o rexistro adecuado
- 6) Recoñecemento , explicación e corrección do uso das categorías gramaticais
- 7) Interpretación, explicación e dedución da información dada en diagramas, gráficas e esquemas. Pronuncia con corrección
- 8) Recoñecemento dos erros da produción oral propia e allea
- 9) Uso de fontes variadas de consulta
- 10) Aplicación de técnicas diversas para planificar os seus escritos e redacta borradores de escritura.
- 11) Redacción de textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero
- 12) Recoñecemento da importancia da linguaxe non verbal
- 13) Comprensión, valoración e interpretación do sentido do texto e das producións orais propias e alleas.
- 14) Coñecemento e uso de ferramentas das Tecnoloxías da Información e da Comunicación
 - 15) Recoñecemento e comentario da evolución de diversos períodos histórico/literarios
 - 16) Recoñecemento das categorías gramaticais

MINIMOS 4º:

- 1) Participación en actividades de grupo, observando e respetando as normas básicas de interacción.
- 2) Coñecemento da importancia do español no mundo e da realidade lingüística de España.
- 3) Identificación e coñecemento da estrutura de sintagmas.
- 4) Recoñecemento do Suxeito e do Predicado nunha oración, así como das oracións impersonais de todos os tipos.
- 5) Identificación do núcleo do sintagma verbal, do predicado nominal e verbal e de todos os constituintes do predicado.
- 6) Recoñecemento do complemento oracional e do vocativo.
- 7) Análise e clasificación de oracións simples.
- 8) Identificación dos elementos que conforman a narración.
- 9) Recoñecemento do tema dun texto.
- 10) Recoñecemento dun texto expositivo e da súa estrutura.
- 11) Utilización de sinónimos, antónimos, hiperónimos, hipoónimos, campos semánticos, léxicos e familias de palabras.
- 12) Identificación dun texto argumentativo e dos diferentes tipos de argumentos.
- 13) Distinción de oración simple e composta, identificando as proposicións que forman esta última e clasificando a oración composta en virtude da relación semántica que se establece entre as súas proposicións.
- 14) Análise de oracións subordinadas de todo tipo.
- 15) Identificación de distintos textos periodísticos.

- 16) Coñecemento do uso das grafías g/j, b/v, h, das regras xerais de acentuación, incluíndo nas palabras con ditongo, tritongo e hiato, o uso do til nos monosílabos e nos interrogativos.
- 17) Uso correcto dos signos de puntuación.
- 18) Coñecemento de como se separan o lexema dos morfemas, e da diferenza entre palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas.
- 19) Coñecemento dos distintos tipos de locucións e das perífrases verbais.
- 20) Identificación da evolución dos autores, obras, temas e estilo da lírica romántica e posromántica.
- 21) Recoñecemento da evolución da literatura romántica á realista e naturalista, identificando as características, autores e obras destas últimas.
- 22) Identificación da evolución da literatura realista-naturalista á modernista e dos temas, autores e obras modernistas.
- 23) Identificación da arte e poesía novecentista, vangardista e da Generación del 27 e dos seus autores e obras.
- 24) Coñecemento das características, autores e obras da novela, teatro e lírica dende 1936 ata a actualidade.